



Concello de Monterroso

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA DE MODIFICACIÓN DE VARIAS ORDENANZAS PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA (CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA)

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración da modificación das seguintes ordenanzas; Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Mobles, Ordenanza reguladora do Imposto de Actividades Económicas, Ordenanza reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, Ordenanza reguladora da Taxa pola realización de actividades administrativas de inspección, control e verificación da apertura de actividades económicas sometidas ao réxime de declaración responsable e a Ordenanza reguladora taxa por expedición de documentos administrativos, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	Adaptación do Concello de Monterroso á iniciativa Concellos doing business Galicia
---	--

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Concello de Monterroso

	según o protocolo firmado entre a xunta de Galicia e a FEGAMP
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	Fomentar a implantación e fixación de empresas no territorio
Obxectivos da norma	Establecer diversos beneficios fiscais ás empresas

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617